



BOLETÍN CULTURAL DA ASOCIACIÓN
HERMINIO BARREIRO.

Editorial.


Marzal, mes tradicional para a poda das arbores caducas do noso país, castaños, carballos... Estes primeiros días son tradicionalmente coñecidos como as *frebas de Marzo*, pois adoitan ter tan mal tempo como febreiro. Pleno inverno, pero xa mirando a primaveira, que chegara co equinocio dos días 20 e 21, cando a noite terá a mesma duración que o día, e a partires do cal a longa noite decaera dando paso os longos días. Dende o profundo dos eidos do Courel traémosvos a Uxío Novoneyra, todo un referente da nosa cultura, unha axenda musical moi completa e, para rematar, unha ollada os entroidos galegos. Desfrutade do lacón, do cocido, das filloas e orellas, e sorrídelle a primaveira, que inda que non o pareza, xa esta as portas.

Saudos.

Indice:

- Persoeir@ do mes: **Uxío Novoneyra**
- Que vai ocorrer este mes en Ribadumia.
- Última paxina.

Persoeir@ do mes:



Uxío Novoneyra.

Uxío naceu un 19 de xaneiro de 1930 na aldea de Parada de Moreda, na serra luguesa do Courel.

Os seus primeiros anos pásaos no seu lugar de nacemento, en contacto cos tradicionais modos de vida da Galicia máis rural e sufrindo as consecuencias da guerra civil e dos cambios que a nova situación política van introducir na vida social do país.

Aos quince anos Uxío trasládase, nos períodos escolares, a Lugo para seguir os estudos de bacharelato, estudos que rematará tres anos despois. Nesta época coincide por vez primeira con Manuel María e ambos frecuentarán as tertulias e as

actividades culturais promovidas e protagonizadas por Luís Pimentel, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro...

No ano 1949, á idade de dezanove anos, trasládase a Madrid para comezar na universidade Complutense, como ouvinte, a carreira de Filosofía e Letras. Durante esta época comeza a escribir e publicar. A revista «Bengala», dependente da universidade madrileña, publícalle dous poemas en castelán que forman parte do libro «Desde las cosas». En Madrid comeza a súa inclusión na vida política e cultural, dando o seu primeiro recital poético en dependencias universitarias e participando noutro recital no Teatro Lara.

En 1952 volve a Galicia para facer o servizo militar obrigatorio e é destinado sucesivamente a Santiago, A Coruña e Lugo, onde coincide de novo con Manuel María. Durante o tempo que está en Santiago parece que toma conciencia galeguista grazas ao contacto con diferentes intelectuais galegos, principalmente o pintor Carlos Maside, o ensaísta Ramón Piñeiro e o catedrático Ramón Otero Pedrayo. Todos os indicios apuntan que é por eses contactos polo que

Uxío decide converterse nun autor monolingüe en idioma galego.

Unha grave enfermidade, unha pleuresía, obrígaos a gardar repouso polo que se traslada de novo á súa casa natal de Parada de Moreda. Alí pasará nove anos e iniciará o seu ciclo de poemas coureláns. A súa primeira publicación, «Os eidos», escríbea durante os anos 1952 e 1954 e dedícalla a Ramón Piñeiro e Carlos Maside. Piñeiro prológalle estes primeiros poemas salientando no seu limiar a unión destes versos coa terra, á que lle concede a orixe da nosa tradición cultural.

En 1957 organízase, no Círculo Mercantil de Santiago de Compostela, un ciclo de conferencias coa finalidade de dar a coñecer a existencia da poesía galega, dende as cantigas medievais ata os novos poetas das Festas Minervais compostelás. Este ciclo de conferencias estaba organizado polo galeguista Manuel Beiras e nel intervirían López Nogueira, Méndez Ferrín, Ramón Lorenzo, Alonso Montero, Franco Grande... O ciclo sería presentado por Ramón Otero Pedrayo e clausurado por Xohana Torres. A morte de Eladia Pedrayo, nai de Ramón Otero, impide que este

poida acudir á presentación polo que manda tres holandesas manuscritas cuns textos en galego e castelán para que sexan lidas na súa ausencia e no seu nome. Rodolfo López Veiga non se atreveu a ler o texto en galego, por mor do ambiente represivo da época e da absoluta falta de uso do noso idioma en actos públicos. Pero foi nese mesmo acto no que Uxío Novoneyra tomou a palabra para recitar os poemas do noso Cancioneiro medieval. Abriu a súa intervención cun «Miñas donas e meus señores», que en palabras de Franco Grande supuxeron unha auténtica bomba entre o público. Para moitos era a primeira vez que podían escoitar a alguén falando en público no noso idioma. Era un vinte e dous de febreiro de 1957 e nesta data o periodista Raimundo García, Borobó, califica a Uxío como «un home saído doutro tempo e chegado doutra galaxia», ao tempo que o considera como o primeiro rapsoda de Galicia.

En 1962 volta de novo a Madrid, onde traballa en diferentes programas de radio e televisión, con temática de poesía, tanto galega como española ou universal e acode nesa época ás tertulias do Café Gijón e participa nas

actividades do denominado grupo Brais Pinto.

A creación do Grupo Brais Pinto prodúcese en Madrid a finais dos anos cincuenta. É un grupo formado por galegos de tendencia esquerdista e de moi diferente situación profesional. Organizaban tertulias, actividades culturais e mesmo chegaron a editar unha colección de poesía. Este traballo cultural desembocou, no ano 1963, na creación por parte dalgúns membros de Brais Pinto, dun partido nacionalista galego, a Unión do Pobo Galego (UPG). Outros membros preferiron actualizar os contidos do vello Partido Galeguista e celebraron reunións clandestinas en diferentes vilas galegas co aquel de crear

unha nova forza política, xorde así o Consello da Mocidade que, froito das súas desavenencias internas, desapareceu no ano 1964.

Durante os anos que está en Madrid, de 1962 ao 1965, escribe unha serie poética que leva por título «Elegías de Madrid». Estas poesías serán publicadas nunha versión bilingüe galego-castelán, pola editorial Adonais da capital

de España xunto coas series de poemas «Primera verdad y tiempo con nombres» e «Elegías del Caurel».



Arranxando o tellado na súa casa do Courel

En 1966 volta de novo ao Courel pola enfermidade dos seus pais e xa se quedará definitivamente en Galicia. Uns anos despois falece seu pai, en 1971, e dous anos despois súa nai. Da súa unión con Elva Rei, á que coñece en Lugo despois da súa volta de Madrid e coa que casará en 1973, terá tres fillos: Branca-Petra, Uxío e Arturo. Nesta época da súa vida alternará a súa residencia entre Lugo e O Courel, así ata o ano 1983 no que se establecerá definitivamente en Santiago de Compostela. A súa estadía no Courel permítelle recompilar novos poemas do ciclo courelán posteriores á publicación do seu primeiro libro «Os eidos». Estes novos poemas agruparaos baixo o

título «Os eidos 2» e serán publicados no ano 1974. O libro está adicado aos seus pais e á poetisa noiesa afincada no Courel, María Mariño e con ilustracións do pintor Laxeiro. Aínda que algúns dos poemas, os máis recentes, teñen un acentuado signo político, o libro ten un subtítulo que define perfectamente a inspiración dos versos que o compoñen: «Libro de Olladas». «Os eidos 2» está dividido en seis partes ben diferenciadas: «Serra aberta», «Follas de cantigas», «Diario de enfermo», «Don do silencio», «Letanía de Galicia e outros poemas» e «O Laxeiro, pintor dunha Galicia».

DA cama á solaina.

DA solaina á cama.

Teso de Pinza

sempre didiante!

As noites i os días.

Os días e as noites.

E ún xa non sabe

cando foi onte...

GALICIA da dor chora á forza

GALICIA da tristura triste á forza

GALICIA do silencio calada á forza

GALICIA da fame emigrante á forza

GALICIA vendada cega á forza

GALICIA tapeada xorda á forza

GALICIA atrelada queda á forza

Nesta época, de claro compromiso político e cidadán, traduce ao galego poemas do político chinés Mao Zedong, poemas que aparecen publicados no xornal «El Progreso» de Lugo. No número un dos «Cadernos da Gadaña», o seu seguinte libro, aparecen publicados os seus «Poemas Caligráficos», editados por Brais Pinto, en Madrid, no ano 1979. A publicación, co limiar de Reimundo Patiño, «Signos no vento, signos no tempo» e deseño de

Xosé Manuel Pereiro, inclúe un álbum fotográfico de Uxío e Elva no Courel, así como unha aportación gráfica do propio Patiño. Os poemas están divididos en dous grandes núcleos, «Vietnam canto» e «Poemas Caligráficos». No primeiro, escrito no ano 1968, Uxío expresa o seu desexo da liberación do Vietnam, equiparando esa ansía de liberdade á que el ten pola liberación de Galicia.

CUMES CUMES CUMES CUMES

COM'ESTES ECOEN

UNHA VEZ POR CADA MORTE

VIETNAMMMMMMMMMMMMMMMMM

VIETNAMMMMMVIETNMMMMMMMMMMMMMMMM

VIETNAMMMMMMMMMMMMMMMMM

metan na casa a verba na cociña na mesa na cama xa está

e calar calarcalaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaar

hastr'o berro que te acusa USAUSAUSAUSAUSAUSA

A comezos dos oitenta Uxío recompila e depura toda a súa obra referida ao Courel. Así, en 1981, Xerais edita «Os eidos. Libro do Courel». Esta obra será reeditada durante varios anos e ampliada na edición de 1985, co mesmo título e mesma editorial. Nestas novas obras figurarán varias antoloxías de comentarios críticos, retratos do poeta realizados por Maside, Grandío, Laxeiro... ilustracións de Lourés, Maside, Portocarrero; a partitura de Manuel Balboa musicando o poema «Pasan pasan as nebras» así como un glosario e un caligrama do autor. A súa residencia definitiva en Santiago coincide coa presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo para o que é elixido no ano 1982 e que exercerá ata a súa morte, no ano 1999.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) foi fundada no ano 1980 e a ela pertenceron escritores como Ánxel Fole, Rafael Dieste, Álvaro Cunqueiro, Manuel María... O principal obxectivo da AELG é o de promocionar a escritores e escritoras que usan o noso idioma nas súas obras ao tempo que pretende dignificar o seu traballo. Esta asociación participa nos encontros anuais que

baixo a denominación de GALEUSCA, reúne escritores en euskera, catalán e galego. En 1986 compila os seus poemas eróticos e amorosos no volume «Muller pra lonxe», editado pola Deputación de Lugo e que é o número un dunha nova colección que Uxío bautiza como «Gran Lugo de nebra». Estes poemas están ilustrados polo pintor Carlos Pardo Teijeiro e prologados por Claudio Rodríguez Fer. Dous anos máis tarde, en 1988, en Barcelona, e da man de Sotelo Branco, sae á luz unha nova antoloxía, «Do Courel a Compostela», que recolle as súas poesías de carácter político. O libro pertence á colección «Vento que zoa» e está ilustrado con caligrafías de Uxío así como retratos deste realizados por Laxeiro, Lorente e Maside, fotografías de García Cabezón e textos críticos de Rábade Paredes, Luís Seoane, Herminio Barreiro, Ferrín, Xulio Valcárce e Rodríguez Fer. Neste mesmo ano édítase unha nova recompilación dos seus versos do ciclo courelán. Esta obra bilingüe, galego-euskera, leva por título «Basterrak/Os eidos I e II» e foi editada en Pamplona pola editorial Pamiela, con prólogo do poeta donostiarra Koldo Izaguirre. A principios dos

noventa aparece unha nova versión de «Os eidos», baixo a supervisión de Rodríguez Fer e Carmen Blanco. A obra é editada por Xerais e como novidade aparece un novo poema «O monte Cido», que fora escrito no ano 1985.

CIDO de castro e couso

cova e covallo

taro e ciñal!

Pontón de Valouro!

Pontón de Noval!

Fonte de Lameira

no medio do Real!

Deloutro lado do río seco

restos do camiño vello

con tránsito d'outra edá.

Os primeiros anos da década dos noventa Uxío introdúcese no mundo da narrativa infantil coa publicación de dous contos: «O cubil do xabarín» e «Gorgorín e Cabezón». Estes dous volumes están ilustrados por Quintana Martelo e Vázquez e foron editados pola editorial Edelvives, de Zaragoza. Estes dous contos están ambientados no Courel e protagonizados por rapaces, princesas e animais. A linguaxe que utiliza neles contén moitos xiros e palabras propias do seu universo courelán. En 1994 reaparece como poeta cunha serie de poemas inéditos agrupados baixo o título «Poemas da doada certeza i este brillo - premido entre as pálpebras», editado por Espiral Maior. Este poemario está ilustrado por gravados de Carlos Crego e caligrafías do propio poeta, así como un cadro de Reimundo Patiño e fotografías do Courel de Federico García Cabezón.



Na homenaxe nacional que lle tributou a ASPG en Compostela en 1999

ASTURCÓN de ferro

tuvéche-la máis xentil auriga e crina

ouro que nin no máis limpo outono viran os sotos.

Seguíche-la rota de carros e cabalos

cando eran pais e abós os últimos labregos

aboas e mais as últimas fiadeiras

que xa esqueceran o ano do último liño.

Neses anos tamén aparece un novo poemario editado polo Concello de Santiago, «Camelio xaponés», en edición bilingüe galego-xaponés. Nesta edición Uxío traduce ao galego sete poemas xaponeses de Ayako Sugitani e esta traduce ao xaponés tres poemas do poeta galego. O concello de Betanzos edita, en 1997, novos poemas caligráficos de Uxío recollidos nunha publicación «Poemas dos Caneiros», cun limiar de Xulio Cuns e gravados de Xesús Núñez. Mandeo inorde ao son da noite! As ondas do río devalaban lenes levando as barcas soltas pró infindo do mar i a noite. Sobor das

barcas: as mulleres! o viño! as viandas! Un novo libro, «Ilda, o lobo, o corzo e o xabarin», completa a súa triloxía de literatura infantil. A obra está ilustrada por Manuel Uhía e editada, como as anteriores, pola editorial Edelvives. O mesmo ano da súa morte édítase «Onde só queda alguén para aguantar os nomes» en colaboración con Emilio Araújo e fotografías de Federico García Cabezón e «Dos soños teimosos», un libro de conversas con Emilio Araújo.



Congreso de Poesía en Vilagarcía

Un trinta de outubro de mil novecentos noventa e nove morre Uxío Novoneyra na cidade de Compostela e é enterrado na de Lugo. Baixo o patrocinio da Xunta de Galicia aparece nese mesmo ano a súa obra póstuma «Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas», con fotografías de García Cabezón e poemas gráficos do propio poeta. Neste volume recóllense poemas, aos que se refería como Libro de Rotas/Ámeto Mítico, elaborados por Uxío entre 1992 e 1996 e publicados en diferentes medios de comunicación, coma estes que apareceron en 1997 no Correo Galego baixo o título de «Lendas de a cavalo» e con dúas ilustracións de Oliveira.

Con Uxío Novoneyra desapareceu un poeta comprometido coa súa terra e coa súa xente, autor dunha

poesía que foi evolucionando cos tempos e voz da conciencia nacional galega nos anos escuros da nosa historia.

LENDA DE ALFONSO II

ERAN seis os cavaleiros

seis os cavaleiros seis

os pares entre primeiros

os que cambean os reis.

De Mogoxe a Sobredo

por Mercurín a Seceda

e pola rota segreda

para as Asturias de Oviedo.

Eran seis os cavaleiros

seis os cavaleiros seis

os pares entre primeiros

os que cambean os reis.

Posto en morada escondida

en terra tan arredada

écómo a súa estada?

écándo a súa partida?

Sen escolta n-escudeiros

polo Courel sól-os seis.

Que vai ocorrer este mes en Ribadumia:

Programación Cervexeria Encontro:

- Venres 07, as 00:00, concerto aniversario do grupo local **Noite Fechada**
- Venres 14, as 00:00, concerto de **The Betty Crazies**.
- Venres 21, as 00:00, concerto acústico de **La 4ª Pared..**
- Venres 28, as 00:00, concerto de **Stuck & Nucks**.

Programación do Auditorio:

- Domingo 09, as 19:00, Homenaxe o día da muller traballadora, coa actuación do grupo folclórico **"Xaramaina"**
- Sabado 15, as 20:30, concerto de piano de **Daniel Chaves Cores**.
- Sabado 22, as 20:30, **5º** concerto de solistas da **Agrupación Musico cultural de Ribadumia**.
- Domingo 30, as 19:00, musical **O Rei león**.



<http://ascuncasculturais.wordpress.com/>

última paxina.

AS ORIXES E OS RITOS DO ENTROIDO

O Entroido é celebrado en toda Europa dende épocas descoñecidas. Non se sabe con certeza a súa orixe, algúns pensan que vén da tradición celta, outros



IMAXE DUN PELIQUEIRO

afirman cós comezos desta festa, pódense atopar na adoración a Baco ou Dionisos.

Coa chegada do cristianismo, moitas das festas pagás, que eran antigamente celebradas foron tomadas e cristianizadas. Deste xeito, esta celebración que tiña posiblemente o seu significado na despedida dos longos e duros días do inverno, mesturouse coa despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma que comeza no día mércores de Cinza (é dicir "corenta días antes do domingo de Ramos).

As orixes das palabras que denominan a esta festa son: o termo "Carne Vale" (é dicir "o adeus á carne"), do que despois derivou a palabra "Carnaval"; ó

termo "Introitum" (que significa "a entrada á Coresma") do que vén a palabra "Entroido" ou "Antroido".

O entroido fai referencia a unha época de "carne", tomando o sentido literal da palabra. O Entroido quere significar, dende sempre, a volta ó mundo do revés, a subversión, a ruptura das convencións sociais e o cambio de roles. As características comúns destes días son o comer, beber e cantar, rirse do máis sagrado, é dicir, as cousas que non se fan habitualmente.

En sentido relixioso trátase do triunfo de "don Carnal" sobre "dona Coresma", que reinará nos seguintes corenta días, ata a celebración do Xoves Santo. Pero o Entroido foi deixando pouco a pouco o seu sentido relixioso como festa preparatoria da Coresma para converterse nun acontecemento cheo de xolda e desenfreo.

O Entroido subsiste debido a que é unha festa que invita á participación de todos, sen prexuízos nin distincións. O anonimato que proporcionan as máscaras e os disfraces é un dos

seus principais atractivos, pois permítelle á xente facer máis cousas que ó acostumado.

A FESTA DO ENTROIDO EN GALICIA

En Galicia o Entroido celébrase dende sempre. Existen manifestacións dunha moi fonda tradición e que aínda perduran hoxe, especialmente na provincia de Ourense, e nalgúns partes de Lugo, mesturando esas tradicións ancestrais con outros elementos máis novos.

Entre os chamados "ritos de grupo" (a súa orixe e significado é descoñecida) pódense citar:

Os Cigarróns que son personaxes enmascarados e adornados (coma en Verín), **as Pantallas** que amolan ós viandantes con dúas vexigas cheas de aire (moi común no Entroido de Xinzo da Limia), **os distintos Peliqueiros** (coma en Laza), personaxes que se distinguen pola súa animalización: non falan, levan chocas coma os animais, zorregan á xente e levántanlle a saia ás mulleres, animais como pode ser unha vaca, o burro ou o galo, xa sexa reais ou simulados simbolizan o Entroido en si e interveñen na festa, ben para ser burlados e escarmentados, ben para actuar activamente facendo

falcatruadas; **os Correos**, que van pola veciñanza ofrecendo cós Xenerais "canten" a cada unha das casas a cambio dunha doazón, os Xenerais, vistosamente disfrazados con sombreiros,



"PANTALLAS" NO ENTROIDO DE LAZA, OURENSE

medallas e fitas que lembran de xeito choqueiro os uniformes do século XIX.

Nalgúns das parroquias realízanse tamén encontros ou "saltos" entre os xenerais, facendo un repaso satírico da vida cotiá.

Os disfraces no medio rural sempre foron moi variados, a súa simbolización é a da volta ó mundo do revés... Por iso hai homes vestidos de mulleres e mulleres vestidas de homes, de curas ou monxas... Moitas veces os que non tiñan disfrace, vestíanse coa roupa do lado do revés.

No Entroido todo está permitido. Son moi comúns os discursos coma os testamentos, os chamados arranques ou as coplas,

que son sátiras da realidade e de feitos sucedidos durante o ano, incluíndo ós referidos ós veciños e ás institucións públicas.

Dende o século XIX, comezou a celebrarse nos liceos de cidades e vilas un entroido máis burgués, con disfraces e bailes máis elaborados. Xa no século XX, e durante a época da guerra e da posguerra o entroido foi perseguido, polo que algunhas das tradicións perdéronse. Pero, dende os anos 70 deu comezo un proceso de recuperación destas tradicións máis ancestrais, tanto nas aldeas coma nas cidades; nestas ultimas con desfiles, concursos e disfraces nas rúas acompañados con música.

Pero o que sempre primou do Entroido, e o espírito de crítica contra todo, e a posibilidade de dicir esas cousas con ton de sátira.

A COMIDA NO ENTROIDO

Dentro da filosofía do Entroido está a de comer e beber ata o límite. En Galicia a comida sempre foi un elemento fundamental, sendo as máis tradicionais as filloas, a cachucha, a bica, as orellas a androlla ou tamén os doces, os chourizos, o lacón ou o caldo que son consumidos en masa

e son ideais para estas datas do inverno

OS PERIODOS DA ESMORGA

Domingo Fareleiro ou Borrallento: Coincide co domingo de septuaxésima, e nesta da é costume que os veciños se manchen uns ós outros con "borralla" ou "farelo", a fariña de peor calidade.

Xoves de Compadres: Neste día realízase unha tradicional pelexa entre sexos. As mozas fabrican un boneco ou varios bonecos que representan os homes e tentan



queimalo, mentres os mozos loitan por llo roubar.

Domingo Corredoiro ou Oleiro: Nesta data realízanse celebracións moi diferentes segundo os lugares. Tradicionalmente era cando se facía a corrida do galo; en Laza lánzanse formigas enriba da xente e faise a farrapada, loita con farrapos enchoupados en lama ou esterco. Na Praza Maior de Xinzo celébrase o xogo das olas, en que os participantes se pasan olas de

barro, e a aquel que a rompa debe
pagar unha rolda.

Xoves de Comadres: Ó revés do
de Compadres, son os homes os
que fan un ou varios bonecos con
feitura de muller e son estas quen
loitan por llelo sacar.

Domingo de Entroido: Comeza a
festa maior.

Martes de Entroido: En moitos
lugares celébranse os
"Testamentos" do Entroido e
entérrase a representación da
festa.

Mércores de Cinza: É a data na
que todo remata, e a escolleita en
moitas vilas e aldeas para enterra-
la sardiña

Destácanse o Entroido de Verín,
Laza, Xinzo da Limia, Manzaneda,
Maceda, Viana, Sarreaus, Vilariño
de Conxo, Ulla, etc.

Dentro do Entroido urbano,
pódese nomear ó da cidade de
Pontevedra que se remonta ó
ano 1877, cando, pola iniciativa da
familia Muruais foi organizada
unha grande representación da

batalla entre o Rei Urco, que viña
tomar a cidade e Teucro, mítico

fundador e defensor da mesma. A
batalla, realizada con armas de
pan, rematou coa sinatura da paz e
un desfile pola cidade. Desde
entón, o Entroido foi celebrado
ata os anos da prohibición. Pero a
festa volveu ás rúas no ano 1984.

Na cidade da Coruña, o Entroido
conta cunha tradición que vén xa
desde o século XIX, con
celebracións na rúa e a
representacións do "Apropósito",
esperpéntica obra de teatro que
anualmente repasaba a
actualidade en clave satírica
mesturando personaxes reais e
míticos.

Na cidade de Ourense, a pesar de
ser un Entroido urbano, mantense
moitas características propias da
celebración tradicional galega.
Así, na Cidade das Burgas, na súa
Praza Maior son celebrados os
"Xoves de Comadres" e os "Xoves.



"BOTEIROS" NO ENTROIDO EN VILARIÑO, OURENSE